

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 31 DE XULLO DE 2009.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**ACTAS ANTERIORES.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- SUBVENCÍONS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-las actas correspondente ás sesións do 12 de maio e 02 de xullo de 2009.

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Escrito de D<sup>a</sup> Teresa Fernández Pampín, Rexistro de Entrada nº 3597, de data 28 de xullo de 2009, en calidade de Presidenta do Clube de Fútbol Lamela, solicitando a utilización do Campo de Fútbol “Outeiriño” tódolos luns da tempada 2009/10.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

**1.2.-** Escrito de Dº Manuel Iglesias Penas, Rexistro de Entrada nº 3654, de data 29d e xullo de 2009, solicitando copia dos seguintes proxectos, promovidos por Dº Carlos González Lorenzo, no lugar de Sta. Baia, parroquia de Cira (Silleda):

- 1.- Construcción de muro, peche de parcela e muro de contención de talud en interior.
- 2.- Legalización de muro de contención con bloques de pedra natural.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó solicitando que poderá pasar pola Oficina Técnica Municipal e obter unha copia dos expedientes solicitados.

**1.3.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3608, de data 28 de xullo de 2009, expediente DH.W36.15658 a nome de Unión Fenosa Distribución S.A., remitindo resolución de data 23 de xullo de 2009 de autorización de obra para cruzamento de liña de media tensión na zona de dominio público hidráulico e de policía no regato Aguacae, na parroquia de Cira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.4.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Benestar, Rexistro de Entrada nº 3609, de data 28 de xullo de 2009, remitindo resolución de 22 de xullo de 2009 da delegación da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, pola que se denega á Asociación Soc. Ocio T.L. Evanxélica Kalos a realización dunha actividade de acampada, entre os días 02 e 13 de agosto de 2009, no campo Nosa Sra. da Saleta en Siador (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.5.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3610, de data 28 de xullo de 2009, informando da auditoria levada a cabo pola Consultoría Adantia S.L.-ATC, S.A., na EDAR de Silleda, no trimestre Marzo-Maio 2009, cumprindo a mesma os límites de vertido establecidos no R.D. 509/1996.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.6.-** Escrito do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3616, de data 28 de xullo de 2009, informando sobre o tratamento de residuos urbáns voluminosos (colchóns, mobles, etc...).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro Dº Manuel Cuiña.

**1.7.-** Escrito da Dirección Xeral de Relacións Laborais - Consellería de Traballo e Benestar. Rexistro de Entrada nº 3639, de data 28 de xullo de 2009, informando que as empresas que interveñan nas obras do Concello, deberán cumprir os requisitos esixidos na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e

demais normas que a desenvolven e, en concreto, a de estar inscritas no Rexistro de Empresas Acreditadas do Sector da Construcción (REA).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.8.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 3168, de data 01 de xullo de 2009, remitindo Acta-denuncia/Inspección nº 2009-101219-00000118, por infracción á normativa sobre residuos e vertidos, contra Dº Javier Rodeiro Camino por abandono do vehículo marca Ford, modelo Escort, matrícula LE-5124-P na parroquia de O Castro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dº Javier Rodeiro Camino para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

**1.9.-** Escrito de Explotación Minera de Campomarzo, Rexistro de Entrada de data 30 de xuño de 2009, remitindo relación de vertidos recepcionados ó longo do mes de maio de 2009 no “Vertedero de RCD’s de Silleda”, e que ascenden a 3.668,72 Tn.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.10.-** Escrito de Dº Agustín Fernández González, en representación da empresa Construcciones Agustín Chaira S.L., Rexistro de Entrada nº 3128,d e data 30 de xuño de 2009, solicitando a devolución do aval correspondente á obra “Restauración do Antigo Centro de Saúde de Silleda” que ascende á cantidade de 4.000,00 □□□.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a Intervención que proceda á devolución deste aval.

**1.11.-** Escrito de Eptisa Servicios de Ingeniería S.A., Rexistro de Entrada nº 3245, de data 06 de xullo de 2009, comunicando que con efectos de 30 de xuño de 2009, producírase a subrogación de Eptisa Grupo Empresarial S.L. (baixo a nova denominación social de Eptisa Servicios de Ingeniería S.L.) Na posición contractual de Eptisa Servicios de Ingeniería S.A. (Sociedad Unipersonal), respecto dos contratos que esta última tén suscritos con este Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.12.-** Escrito da Directora Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, Rexistro de Entrada nº 3246, de data 06 de xullo de 2009, agradecendo a participación do concello no programa de actividades da 32ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia a través da cesión de material para montaxe de Ecosistemas de Acuarios e Terrarios da área de mascotas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.13.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., rexistro de Entrada nº 3326, de data 08 de xullo de 2009, remitindo boletín de análise de auga nas Saídas de Depósito de Bandeira e

Depósito de Siador, sendo realizadas as tomas o día 08 de xuño de 2009 co resultado de auga apta para o consumo con non conformidade e auga apta para o consumo, respetivamente.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

**1.14.-** Escrito de D<sup>a</sup> María Dolores Rodríguez Núñez e cinco mais, Rexistro de Entrada nº 3273, de data 07 de xullo de 2009, comunicando que as obras de ensanche e terceiro carril de Ulla a Lalín, e na zona do lugar de Riocalvo, afecta a uns 210 metros aproximadamente, nos que transcorre unha traída de auga paralela a dito tramo da que se serven para consumo familiar e para explotacións agropecuarias os veciño asinantes do escrito. Que dita auga nace na finca chamada Penelas, e que atravesa a estrada da Deputación Provincial que vai dende Negreiros ata un negocia de cantería artística. Que dito servizo é vital para as familias do lugar de Campo, e que coas obras que se pretende acometer, desaparecería definitivamente, polo que solicitan que por parte do Concello se realicen as xestións precisas ante o Ministerio de Fomento para que a traída de auga obxecto do escrito se manteña e no seu caso se repoña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Urbanismo para incluír dentro das alegacións.

**1.15.-** Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 3300, de data 08 de xullo de 2009, informando sobre a publicación no DOGA nº 106, do 2 de xuño de 2009, da orde da mencionada Consellería polas que se procede á convocatoria do premio ás actividades produtivas no medio rural pola contribución á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico dos Camiños de Santiago para o ano 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro D<sup>o</sup> Manuel Cuiña.

**1.16.-** Escrito da delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 3295, de data 08 de xullo de 2009, en relación ó expediente SA431B2009/156-4, notificando autorización sanitaria favorable de reapertura dunha instalación de piscina de uso colectivo en Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.17.-** Escrito da Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra, rexistro de Entrada nº 3294, de data 08 de xullo de 2009, comunicando que os días 22 e 23 de outubro de 2009 celebrarase en Gijón o “I Encuentro de Ciudades para la Seguridad Vial”, tendo de prazo para solicitude de participación neste encontro ata o 11 de setembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e dar traslado do mesmo o Concelleiro D<sup>o</sup> Manuel Cuiña.

**1.18.-** Escrito da delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e

Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 3303, de data 08 de xullo de 2009, remitindo denuncia feita por axentes do Servizo de Conservación da Natureza contra D<sup>a</sup> Ana García Carpintero, por abandono do vehículo maca Fiat, modelo Regada, matrícula PO-9963-Z no Tecor PO-10120 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a D<sup>a</sup> Ana García Carpintero para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

**1.19.-** Escritoda Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3324, de data 08 de xullo de 2009, remitindo resolución de data 23 de xuño de 2009, de novación subxectiva no convenio asinado o día 25 de marzo de 2009 entre a Consellería de Vivenda e Solo e este Concello para a obra de acondicionamento da rúa G, da praza de Morón e da Praza de Benito Rivas, no sentido de que débese considerar como parte asinate ai IGVS, por ser o organismo que lle vai a prestar colaboración e ao que débese presentar as certificacións de obra.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.20.-** Escrito da delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 3325, de data 08 de xullo de 2009, en relación ó expediente SA431B2009/158-4, notificando autorización sanitaria favorable de reapertura dunha instalación de piscina de uso colectivo en A Devesa.- Bandeira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.21.-** Escrito de D<sup>a</sup> Dolores del Pilar Puente, Rexistro de Entrada nº 3321, de data 08 de xullo de 2009, interpoñendo reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Concello de Silleda, por danos sufridos no vehículo da súa propiedade o día 19 de febreiro de 2009 por motivo dun socavón, debido as obras sin sinalizar, na rúa Emilio Alonso Paz de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Secretaría para que emita informe ó respecto.

**1.22.-** Escrito da delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 3346, de data 10 de xullo de 2009, en relación ó expediente SA431B2009/159-4, notificando autorización sanitaria favorable de reapertura dunha instalación de piscina de uso colectivo en A Devesa.- Bandeira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.23.-** Escrito da delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 3347, de data 10 de xullo de 2009, en relación ó expediente SA431B2009/157-4, notificando autorización sanitaria favorable de reapertura dunha instalación de piscina de uso colectivo en Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.24.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 3392, de data 15 de xullo de 2009, remitindo Acta-denuncia/Inspección nº 2009-101219-00000134, por infracción á normativa sobre residuos e vertidos, contra Sumicóns González S.L. por abandono do vehículo marca Ebro, modelo E-62-2 PL, matrícula PO-5224-G no lugar de Vilanova (próximo a granxas de porcino), na parroquia de Margaride (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Sumicóns González S.L. para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

**1.25.-** Escrito da Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural, Rexistro de Entrada nº 3400, de data 15 de xullo de 2009, sobre a exposición de pinturas denominadas “Viñetas Descubertas” e “Miña Terra Galega” cun total de 32 e 40 cadros respectivamente, por si este Concello estivera interesado en solicitar esta exposición para o Concello, correndo a cargo da mencionada Dirección Xeral o transporte das obras e a cargo do Concello a montaxe, sendo 15 días a data límite de préstamo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Cultura.

**1.26.-** Escrito do Concello de Forcarei, Rexistro de Entrada nº 3408, e data 15 de xullo de 2009, remitindo notificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Forcarei, en sesión de data 30 de abril de 2009, relativo á constitución da comisión para o deslinde entre os termons municipais de Forcarei e Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito a Secretaría para seu informe.

**1.27.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3410, de data 15 de xullo de 2009, expediente DH.B36.15064 a nome de Elías Otero Hermida, remitindo resolución de data 06 de xullo de 2009 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de un pozo situado en finca con referencia catastral 36052A049004260000KG, polígono 49, parcela 426, no lugar de O Marco, parroquia de Siador (Silleda), cun caudal medio de auga de 0,15 litros/segundo, con destino a usos pecuarios.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.28.-** Escrito de Dº Luis Sampayo Ríos, Rexistro de Entrada nº 3356, de data 10 de xullo de 2009, titular da licenza municipal de Taxis nº 13, solicitando substitución do vehículo adscrito a este servizo polo vehículo marca Peugeot, modelo 407 Sport HDI 11, matrícula 1491-GNH.

A Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes que obran no expediente e, de confomidade co disposto no artigo 14 d) do regulamento nacional dos servizos urbanos e

interurbanos e transporte de automóviles lixeiros, aprobado polo Real Decreto 763/79, acorda:

1º.- Autorizar a substitución do vehículo adscrito á licencia municipal de autoturismo clase B), nº 13, para substituír o vehículo marca Peugeot, matrícula 7425-CGD, co que viña prestando o servizo e que causará baixa, polo vehículo marca Peugeot, matrícula 1491-GNH, previo abono das taxas oportunas.

**1.29.-** Escrito de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Belén Rozas Iglesias, Rexistro de Entrada nº 3370, de data 14 de xullo de 2009, no que expón que catro cans ceibos, propiedade de D<sup>o</sup> Elias Otero Herminda, con domicilio no lugar de O Marco (Siador), atacaron un cabalo montado polo seu fillo tirando e causándolle lesións na espalda, polo que solicita a retirada destes cans por parte do dono ou por parte do Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, faise eco desta queixa.

**1.30.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., rexistro de Entrada nº 3431, de data 16 de xullo de 2009, remitindo boletín de análise de auga na bila de consumidor ubicada na rúa Sta. Olaia, nº 9 (Silleda), sendo realizada a toma o día 23 de xuño de 2009 co resultado de auga apta para o consumo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

**1.31.-** Escrito do Consello Regulador da Denominación de Orixe “Rías Baixas”, Rexistro de Entrada nº 3380, de data 15 de xullo de 2009, remitindo memoria do mencionado Consello correspondente ó exercicio 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.32.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., rexistro de Entrada de data 23 de xullo de 2009, remitindo boletín nº 640618 de análise completo de potabilidade da auga de consumo corresponde a Rede de Abastecemento Municipal (Centro Saúde de Bandeira), levado a cabo polo laboratorio LABAQUA, acreditado pola ENAC co nº 109/LE285, sendo a data da toma o día 08 de xullo de 2009.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

**1.33.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3572, de data 23 de xullo de 2009, remitindo relación de abonados do servizo municipal de augas que teñen recibos pendentes de pago, entre o 1º trimestre do ano 2008 e 1º trimestre do ano 2009, polo que comunican ó respecto de que non existir obxeción, continuarase cos trámites para que de acordo co disposto na lexislación vixente, ultimar os pertinentes expedientes de corte do suministro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar que non existe

obxección e que se continúe coa tramitación.

**1.34.-** Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 3573, de data 23 de xullo 2009, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de xuño de 2009 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Brey Taboada Diego	Rúa Xeral, nº 60-3D (Bandeira)
Obras Técnicas de Galicia S.L.	Rúa Camilo José Cela, 1-3C (Bandeira)
Sanmartín Fernández Francisco	Rúa República Arxentina, 5-4B (Silleda)
Starke Samuel Ruben	Rúa Trasdeza, 37-1C (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

**1.35.-** Escrito de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Fraiz Rey, Rexistro de Entrada nº 3567,d e data 23 de xullo de 2009, no que expón a súa disconformidade coa taxa de lixo que estase a cobrar no lugar de Portovello, posto que os servizos prestados non son os mesmos que os que se realizan no casco urbano, así como a disconformidade co paga da taxa de lixo do ano 2007 neste exercicio, cando deberíase abonar a do ano vixente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir á solicitante unha copia da ordenanza municipal de recollida de lixo aprobada no seu día.

**1.36.-** Escrito do Departamento Territorial de Pontevedra-Servizo de Infraestructuras da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3535, de data 22 de xullo de 2009, remitindo resolución ó expediente OT205I2009/000073-4 polo que se autoriza o cruzamento con tubería subterránea na estrada PO-204 - a Bandeira (N-525) - Vila de Cruces, no punto quilométrico 0,700, ambas as dúas marxes (Colectores xerais da Estación Depuradora de Augas Residuais de Bandeira OH.336.781).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito.

**1.37.-** Escrito do Departamento Territorial de Pontevedra-Servizo de Infraestructuras da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3536, de data 22 de xullo de 2009, remitindo resolución ó expediente OT205Z2009/000123-4 polo que se autoriza conducións subterráneas paralelas na estrada PO-210 - a Bandeira (N-525) - Estación FFCC de Bandeira, dende o qm 0,200 ata qm 1,900, marxe esquerda (Colectores xerais da Estación Depuradora de Augas Residuais de Bandeira OH.336.781).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito.

**1.38.-** Escrito do Departamento Territorial de Pontevedra-Servizo de Infraestructuras da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3534, de data 22 de xullo de 2009, remitindo resolución ó expediente OT205I2009/000074-4 polo

que se autoriza cruzamento con tubería subterránea na estrada PO-210 - a Bandeira (N-525) - Estación FFCC de Bandeira, no qm 0,900, ambas márxenes (Colectores xerais da Estación Depuradora de Augas Residuais de Bandeira OH.336.781).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito.

**1.39.-** Escrito do Departamento Territorial de Pontevedra-Servizo de Infraestructuras da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3533, de data 22 de xullo de 2009, remitindo resolución ó expediente OT205Z2009/000122-4 polo que se conduccións subterráneas paralelas na estrada PO-204 - a Bandeira (N-525) - Vila de Cruces, dende o qm 0,700 ata qm 1,200, marxe dereita (Colectores xerais da Estación Depuradora de Augas Residuais de Bandeira OH.336.781).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito.

**1.40.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 3540, de data 22 de xullo de 2009, remitindo Acta-denuncia/Inspección nº 2009-101219-00000147, por infracción á normativa sobre actividades clasificadas, contra Dº Daniel Otero Méndez por carecer de licenzia municipal o taller mecánico PO-14974, sito na estrada Silleda-Cercedo, nº 11 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado desta denuncia a Dº Daniel Otero Méndez, instando o mesmo a solicitar licenzia municipal para esta actividade.

**1.41.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3478, de data 21 de xullo de 2009, expediente DH.W36.13350 a nome de Adolfo Canda Valladares, remitindo resolución de data 13 de xullo de 2009 na que se denega a solicitude de autorización para construción dun paso sobre un regato innominado afluente do río Toxa, no lugar de Pedrouzo, parroquia de Graba (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda notificar a resolución de Augas de Galicia a Dº Adolfo Canda Valladares.

**1.42.-** Escrito da Sociedade Galega do Medio Ambiente, Rexistro de Entrada nº 3490, de data 21 de xullo de 2009, notificando que a partir do 01 de setembro de 2009 procederase por parte de Sogama ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios, debéndose entregar estes residuos a partir da data antes indicada a xestor autorizado para seu tratamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito o Concelleiro Dº Manuel Cuiña.

**1.43.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3500, de data 21 de xullo 2009, remitindo informe periódico vertido EDAR, ref. DH.V36.10203 boletín análisis ED 28772 SIL, cumprindo o mesmo co establecido a normativa sobre o particular.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e remitir este resultados a Organismo Autónomo Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

**1.44.-** Escrito de D<sup>a</sup> Carmen Gómez Blanco, Rexistro de Entrada nº 3449, de data 17 de xullo de 2009, solicitando a colocación dun espello parabólico no cruce da estrada N-641 (Silleda-A Estrada) coa estrada da Deputación no lugar de Senra, parroquia de Escuadro (Silleda), por falta de visibilidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado desta petición a Deputación Provincial de Pontevedra e o Ministerio de Fomento.

**1.45.-** Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 3571 de data 23 de xullo de 2009, remitindo facturación correspondente ó 2º trimestre de 2009, ascendendo o total de facturación á cantidade de 113.612,19 □□□.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda quedar enterada e dar traslado desta relación ó departamento de Intervención.

**1.46.-** Escrito do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), Rexistro de Entrada nº 3528, de data 22 de xullo de 2009, en relación a alta no padrón de recollida de lixo do Concello de Silleda, como titular das vivendas sitas nas estacións de tren de Abades e O Castro, municipio de Silleda, solicitando o texto da Ordenanza a o artigo de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó ADIF que a ordenanza foi a remitida no seu día e que soamente conta con tarifa.

**1.47.-** Visto que o Concello de Silleda adheriuse ó Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar por medio de Convenio asinado con data de 19 de outubro de 2007.

Visto que o 30 de xuño de 2008 o Concello de Silleda e o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar asinaron un convenio para a construción dunha escola infantil

Visto que na cláusula sexta do citado convenio estipulábase que a xestión da escola correspondería ó consorcio a través do convenio asinado co Concello para tal fin.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda aproba-la firma do Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o Concello de Silleda para a xestión da Escola Infantil de Silleda integrada na Rede Galega de Escolas Infantís.

## **2º.- SUBVENCIONS.-**

**2.1.-** Escrito da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas - Consellería de Economía e Industria, Rexistro de Entrada nº 3626, de data 28 de xullo de 2009, notificando resolución de data 07 de xullo de 2009 de concesión a este Concello da subvención para a

habilitación e mellora de infraestructuras nos parques empresariais e recintos de localización preferentes de empresas na comunidade autónoma de Galicia para o ano 2009, ao abeiro do disposto na Orde do 19 de febreiro de 2009, pola contía de 38.657,49 €, correspondente a unha porcentaxe do 56,76% do investimento solicitado para “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético no alumeadado público do parque empresarial Área-33 de Silleda”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir esta resolución a Intervención para que informe da existencia ou non de crédito suficiente para o resto do investimento.

**2.2.-** Escrito da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas - Consellería de Economía e Industria, Rexistro de Entrada nº 3627, de data 28 de xullo de 2009, notificando resolución de data 07 de xullo de 2009 de concesión a este Concello da subvención para a habilitación e mellora de infraestructuras nos parques empresariais e recintos de localización preferentes de empresas na comunidade autónoma de Galicia para o ano 2009, ao abeiro do disposto na Orde do 19 de febreiro de 2009, pola contía de 14.999,81 €, correspondente a unha porcentaxe do 71,47% do investimento solicitado para “Proxecto de Urbanización e Mellora de Vías do parque empresarial Área-33 de Silleda”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir esta resolución a Intervención para que informe da existencia ou non de crédito suficiente para o resto do investimento.

### **2.3.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO CONCELLO DE SILLEDA**

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda aprobada na sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Vista a convocatoria da subvención publicada no Boletín Oficial de la Provincia nº no BOP nº 29 do día 12 de febreiro de 2.009

Visto o informe de Intervención de data 31 de xullo de 2009, no que se acredita que existe consignación suficiente para conceder a subvención

Visto o informe emitido pola Comisión de Valoración constituída ó abeiro do disposto no artigo 6 das BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO CONCELLO DE SILLEDA, relativo á avaliación das solicitudes presentadas.

Vista a proposta provisional de resolución sobre a concesión das subvencións emitida polo órgano instructor en data 03 de xuño de 2009 e as alegacións presentadas polos interesados en relación coa proposta provisional de resolución.

Vista a proposta definitiva de resolución emitida polo órgano instructor do procedemento en data 15 de xullo de 2009.

Visto que se cumpriron todos os trámites previos que marcan a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e as Bases Reguladoras Específicas da Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Deportivas no Concello de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Conceder as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación:

Asociación/Colectivo	Importe □□□
Dezarco	400,00
Sociedade Deportiva Silleda	18.500,00
Sociedad Deportiva Bandeira C.F.	3.600,00
Clube de Fútbol Laro	2.600,00
Clube de Fútbol Lamela	3.500,00

SEGUNDO: Notificar este acordo ós peticionarios así como lembrarles que para a xustificación e pagamento da subvención deberán cumprir o establecido no artigo 9 das Bases reguladoras desta convocatoria.

#### **2.4.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA**

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda aprobada na sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Vista a convocatoria da subvención publicada no Boletín Oficial de la Provincia nº no BOP nº 29 do día 12 de febreiro de 2.009

Visto o informe de Intervención de data 31 de xullo de 2009, no que se acredita que existe consignación suficiente para conceder a subvención

Visto o informe emitido pola Comisión de Valoración constituída ó abeiro do disposto no artigo 6 das BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA, relativo á avaliación das solicitudes presentadas.

Vista a proposta provisional de resolución sobre a concesión das subvencións emitida polo órgano instructor en data 22 de abril de 2009 e as alegacións presentadas polos interesados en relación coa proposta provisional de resolución.

Vista a proposta definitiva de resolución emitida polo órgano instructor do procedemento en data 15 de xullo de 2009.

Visto que se cumpriron todos os trámites previos que marcan a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e as Bases Reguladoras Específicas da Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Culturais no Concello de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Conceder as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación:

Asociación/Colectivo	Importe □□□
Coral Polifónica Trasdeza	3.600
Asoc. Musical R. e Cultural de Bandeira	12.800
Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda	13.750
Asoc. B.X. Fortín da Pomba	4.350
Asoc. Intercultural Santa Ferreña	1.000
Asoc. de Veciños Olaia	1.500
Asoc. de Veciños de Manduas	700
Asoc. Mulleres do Municipio de Silleda	400
Asoc. Mulleres Rurais de Dornelas	400
Asoc. MM.RR. Sta. Isabel de Escuadro	400
Colectivo pola Recuperación dos Castros de Toiriz	400
Asoc. Grupo de Gaitas e os seus Acordeóns	500
Asoc. Sociocultural Adellís	1.000
Asoc. de Veciños Santiago Apostol, Taboada	700
Asoc. de Veciños A Costa de Abades	600
Asoc. Cultural Vista Alegre	3.500
Asoc. Cultural Xirandola	4.350

SEGUNDO: Notificar este acordo ós peticionarios así como lembrarilles que para a xustificación e pagamento da subvención deberán cumprir o establecido no artigo 9 das Bases reguladoras desta convocatoria.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3.1.-** Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras denominadas "REDE DE ABASTECIMIENTO DE NÚCLEOS RURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA. NÚCLEOS DE TABOADA VELLA E REBOREDO".

Visto o Proxecto de Obras redactado polos Enxeñeiros Técnicos Industriais Dº Fidel Gude Sampedro e Dº Javier González Casanova (Gaia Solucións Ambientais S.L.), cun

orçamento de execución por contrata que ascende a 120.944,13 euros, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04 de maio de 2009.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de xullo se acordou iniciar o procedemento de adxudicación.

Visto que, se emitiron os informes correspondentes e se redactou o correspondente prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe- proposta de Secretaría.

Por todo elo, a Xunta de Goberno local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra consistente en Rede de abastecemento de agua potable nos núcleos de poboación do Concello de Silleda: Taboada Vella e Reboredo.

**SEGUNDO.** Autorizar, na cuantía de 120.944,13 euros, o gasto con cargo á partida 444/601.10 do estado de gastos do Orzamento Municipal de este Concello para o exercicio 2007 que é o prorrogado para o 2009.

**TERCEIRO.** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirán o contrato de obras.

**CUARTO.** Solicitar ofertas as seguintes empresas :

- Excavaciones Luis Vilariño, S.L.
- Excavaciones Benito, S.L.
- Construcciones Fernández Sarmiento, S.A.
- Construcciones Sangiao, S.A.

**3.2.-** Dase conta do escrito presentado por Construcciones Fernández Sarmiento S.A., Rexistro de Entrada nº 3214 de data 03 de xullo de 2009, remitindo Plan de Seguridade e Saúde correspondente a obra do Fondo de Inversión Local denominada “MEJORA DE LOS CAMIÑOS: PIÑEIRO-1, PIÑEIRO-2, CIRA, BREIXIÑA-1, BREIXIÑA-2, ANSEMIL, CARBOEIRO, O CASTRO-1, SAIDRES, ABADES, CERVAÑA, PONTE, IGLESIA DE PONTE, BARRABAITE, A BREA Y O CASTRO-2 EN EL AYUNTAMIENTO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)”, redactado por Construcciones Fernández Sarmiento S.A.

Visto el informe favorable do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Pablo Xosé Pouso Iglesias, Técnico e Coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a execución da obra, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade acorda presta aprobación a este plan de Seguridade e Saúde.

**3.3.- “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local.**

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Un, polo importe de 72.503,55 □□□, correspondente a obra “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Indeza Edificación y Obra Civil S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 72.503,55 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Director das Obras, Dº José Pereiras Sánchez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
30.06.09	FV09/139	Indeza Edificación y Obra Civil S.L.	72.503,55 □□□

**3.4.- “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local.**

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación final nº Dous, polo importe de 43.346,83 □□□, correspondente a obra “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Transportes y Maquinaria C.P., S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación final nº Dous da obra “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 43.346,83 □□□, asinada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola-Director das Obras, Dº Benigno Méndez Fernández.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		

30.06.09	17/09C	Transportes y Maquinaria C.P., S.L.	43.346,83 □□□
----------	--------	-------------------------------------	---------------

3º.- Aprobar a Acta de Recepción das obras, asinada en data 30 de xuño de 2009 polo representante da administración, director da obra e o contratista adxudicatario da mesma.

### **3.5.- “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local.**

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación final nº Catro, polo importe de 12.409,79 □□□, correspondente a obra “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Construcciones Pereiro y Campos S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación final nº Catro da obra “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 12.409,79 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Director das Obras, Dº Luis Llorente Taboada.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
15.07.09	34/09	Construcciones Pereiro y Campos S.L.	12.409,79 □□□

### **3.6.- Programa Cascarón.**

Visto que pola Alcaldía detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo do programa cascarón.

Visto que dada a contía do contrato considérase como o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 30 de xullo emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é a XGL .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo do programa cascarón por procedemento negociado sen publicidade.

2º.- Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de

adxudicación.

3º.- Que polo Interventor fágase a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

4º.- De ser favorable a fiscalización previa que se emita Informe-Proposta de Secretaría ao respecto.

### **3.7.- Arquitecto Asesor Técnico.**

Visto que pola Alcaldía detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo de arquitecto asesor técnico.

Visto que dada a contía do contrato polo considérase como o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto o Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que con data 30 de xullo emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é a XGL .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de arquitecto asesor técnico por procedemento negociado sen publicidade.

2º.- Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

3º.- Que polo Interventor fágase a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

4º.- De ser favorable a fiscalización previa que se emita Informe-Proposta de Secretaría ao respecto.

### **4º.- URBANISMO.-**

**4.1.-** Examinado o expediente promovido por Dº CARLOS GONZÁLEZ LORENZO , en virtude de instancia nº 5437 de data 21 de outubro de 2009, solicitando Licencia de obra para construción de muro de contención con bloques de pedra natural para a finca situada en Santa Baía- Coto, segundo proxecto redactado pola Arquitecta Técnica Dª Araceli

Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 12 de maio de 2009 , e cun orzamento de execución material de 12.449,97 €€€..

Examinado o expediente promovido por Dº Carlos González Lorenzo, en virtude de instancia de data 11 de marzo de 2009, solicitando proxecto de legalización de muro de cierre de parcela redactado pola Arquitecta Técnica Dª Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 5 de maio de 2009.

Visto o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 11 de xuño de 2009,

Visto o informe da Secretaria Xeral do Concello de data 21 de xullo de 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 5437/09 instada por Dº CARLOS GONZÁLEZ LORENZO , para construción de muro de contención con bloques de pedra natural para a finca situada en Santa Baia- Coto, e a solicitude de legalización de muro de cerre instalada polo mesmo solicitante con data de 11 de marzo de 2009.

2º.- Remiti-los expedientes completos á delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, servizo de urbanismo, a fin de que ditamine sobre a legalidade do muro inferior de contención e emita informe previo sobre a viabilidade do muro do interior da parcela.

3º.- Remiti-los expedientes ó Organismo Autónomo Augas de Galicia para que determine si as obras afectan ou non ó dominio público hidráulico.

4º.- Notificar este acordo ós interesados no procedemento .

4.2.- Dase conta do informe emitido polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 09 de xullo de 2009, sobre modificación de numeración de vivendas sitas na Avda. da Estación, propoñendo a seguinte:

Numeración actual	Numeración Proposta
24	22 B
s/n	22 C

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a proposta e remitir este acordo á comunidade de veciños dos edificios afectados por este cambio.

4.3.- Dase conta do informe urbanístico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 09 de xullo de 2009, en relación a solicitude de DºFabian Calandría López, Rexistro de Entrada nº 2936, de data 18 de xuño de 2009, para desenvolver a actividade de Fogar Residencial nos baixos do edificio sito no Barrio do Campo, nº 7 (Edif. Hnos. Pol), locais 1 e 2 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar este informe ó solicitante.

#### **5º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**5.1.-** Dase conta do escrito asinado pola Asistente Social deste Concello, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> celia González Peteiro, de data 06 de xullo de 2009, sobre baixa no servizo de axuda a domicilio municipal de D<sup>a</sup> Josefa García Escariz por falecemento en data 06 de xullo de 2.009.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta baixa.

**5.2.-** Dase conta do informe proposta emitido pola Directora de Servizos Sociais do Concello, de data 14 de xullo de 2009, en relación ó Programa de Atención a Maiores “Xantar na Casa” do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dependente da Consellería de Traballo e Benestar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este informe-proposta á Intervención Municipal para que emita informe.

#### **6º.- INTERVENCIÓN.-**

**6.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00062-09, de data 31 de xullo de 2009, ascendendo a mesma a un importe total de 120.271,51 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,